



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2023

En Laxe, sendo as 21:00 horas do día 26 de xaneiro de 2023, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde Don José Luis Pérez Añón (PP) presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dna Raquel Lema Allo (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Dna Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto).

Non asisten:

Don. Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)
Dna. Marta Caamaño Alvarellos (PSdeG PSOE)

Actúa como Secretaria accidental deste concello, Dona Emilia Alborés Lema.

Aberta a sesión por a Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, BORRADORES ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATA: 24/11/2022 E 26/12/2022

Dase conta do borrador da acta de 24/11/2022, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Seguidamente, non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 2 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez e



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Dase conta do borrador da acta de 26/12/2022, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Seguidamente, non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 2 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 1, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI). EXPTE. NÚM. 2023/G014/000001

Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Incoado por Providencia desta alcaldía de data 18 de xaneiro de 2023 o expediente para a modificación da Ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles deste Concello, para establecer unha bonificación da cota íntegra do imposto sobre bens inmobles a favor daqueles suxectos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, ao amparo do previsto no art. 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía propón que, unha vez introducida a modificación proposta,, a devandita ordenanza quede redactada do seguinte xeito:

“Artigo 1

Utilizando a facultade contida no artigo 73.3 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravamen do Imposto sobre Bienes Inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.- Tipo de gravame.

1.- O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,5 por 100 (0,5%).

2.-O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,65 por 100



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

(0,65 %).

Artigo 3.- Exencións

- 1.- *Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica aqueles que a cota líquida a ingresar non supere os 6,00 euros.*
- 2.- *Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles os centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos ou entidades dependentes, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.*

Artigo 4.-Bonificacións

Os titulares de familia numerosa desfrutarán dunha bonificación da cota íntegra do IBI que se aplicará segundo o valor catastral do inmovible, conforme a seguinte táboa:

	CATEGORIA GENERAL	CATEGORIA ESPECIAL
<i>De 0 a 60.000 €</i>	<i>60 %</i>	<i>80 %</i>
<i>De 60.000,01€ a 100.000 €</i>	<i>55 %</i>	<i>70 %</i>
<i>De 100.000,01 € a 150.000€</i>	<i>50 %</i>	<i>60 %</i>
<i>De mais de 150.000 €</i>	<i>40 %</i>	<i>50 %</i>

Esta bonificación aplicarase á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como tal aquela en que figure empadroadada a maioría dos membros da unidade familiar e, entre eles, polo menos un dos proxenitores e concederase por petición do interesado.

Estas porcentaxes de bonificación aplicarase ao 50% no suposto de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida, para cada un dos inmobles da súa titularidade que constitúen a súa residencia habitual.

Os interesados deberán presentar anualmente copia do título de familia numerosa antes do 31 de decembro do ano anterior ao que se pretenda obter a bonificación.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da súa aprobación definitiva e continuará en vigor en tanto non se proceda a súa modificación ou derogación expresa.

A aprobación da presente ordenanza levará consigo a derogación expresa de cantas disposicións municipais que afecten ao Imposto sobre Bens Inmobles e contraveñan o disposto no presente articulado.”

Vistos os informes emitidos pola secretaría-intervención accidental desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisoriamente a modificación da Ordenanza Fiscal número 1, reguladora do imposto de bens inmobles que quedará redactada nos termos que se indica na parte expositiva desta proposta.*

SEGUNDO.- *Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.*

TERCEIRO.- *No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.*

CUARTO.- *O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.”*

Intervén o sr. concelleiro de BNG, Xosé Manuel Pose Lema, en primeiro lugar para pedir desculpas pola pregunta formulada ao sr. Alcalde no programa de RAdioVoz porque nese momento atopábase en Madrid Fusion e facilitáronlle unha información errónea, de aí a pregunta que formulou. Tamén opina que as convocatorias dos plenos deberían ser electrónicas, atendendo a que hoxe en día tódalas persoas dispoñen de teléfonos móbiles, tablets ou algún aparato electrónico para poder ver as convocatorias.

No relativo á modificación desta ordenanza manifesta que a lexislación define os conceptos de familia numerosas e relaciona unha serie de axudas ás que poden acceder estas familias, como son acceso ao bono social da electricidade cun desconto do 25% sobre o seu consumo, axudas para o transporte cun desconto dun 20% ou do 50% en Renfe e no transporte por estrada, desconto entre un 5% e un 10% en voos estatais e de entre un 20% e un 50% en transporte marítimo de cabotaxe, exención de taxas no DNI e no pasaporte, descontos en museos e centros culturais, subsidios para fillos con necesidades educativas especiais, descontos en taxas educativas de ata o 50%, axudas á educación en xeral, concesión de becas ou admisión de alumnos en determinados centros públicos, impostos de matriculación cun desconto que pode chegar ao 50%, etc. co que estarían de acordo no BNG; non obstante considera que as bonificacións deberían establecerse en funcións dos ingresos das familias. Ademais tamén considera que a proposta da Alcaldía non está o suficientemente argumentada porque debería incluírse a cuestión económica. Remata dicindo que o voto do BNG vai a ser positivo, toda vez que lle parece unha exención inxusta porque debería establecerse en función dos ingresos das familias.

Seguidamente, non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 2 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez e



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Dña. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente a modificación da Ordenanza Fiscal número 1, reguladora do imposto de bens inmobles que quedará redactada nos termos que se indica na parte expositiva desta proposta.

(“Artigo 1

Utilizando a facultade contida no artigo 73.3 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravamen do Imposto sobre Bienes Inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.- Tipo de gravame.

1.- O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,5 por 100 (0,5%).

2.-O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,65 por 100 (0,65 %).

Artigo 3.- Exencións

1.- Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica aqueles que a cota líquida a ingresar non supere os 6,00 euros.

2.- Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles os centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos ou entidades dependentes, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

Artigo 4.-Bonificacións

Os titulares de familia numerosa desfrutarán dunha bonificación da cota íntegra do IBI que se aplicará segundo o valor catastral do inmovible, conforme a seguinte táboa:

	CATEGORIA GENERAL	CATEGORIA ESPECIAL
<i>De 0 a 60.000 €</i>	<i>60 %</i>	<i>80 %</i>
<i>De 60.000,01€ a 100.000 €</i>	<i>55 %</i>	<i>70 %</i>
<i>De 100.000,01 € a 150.000€</i>	<i>50 %</i>	<i>60 %</i>
<i>De mais de 150.000 €</i>	<i>40 %</i>	<i>50 %</i>

Esta bonificación aplicarase á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como tal aquela en que figure empadroada a maioría dos membros da unidade familiar e, entre eles, polo menos un dos proxenitores e concederase por petición do interesado.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Estas porcentaxes de bonificación aplicaranse ao 50% no suposto de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida, para cada un dos inmobles da súa titularidade que constitúen a súa residencia habitual.

Os interesados deberán presentar anualmente copia do título de familia numerosa antes do 31 de decembro do ano anterior ao que se pretenda obter a bonificación.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da súa aprobación definitiva e continuará en vigor en tanto non se proceda a súa modificación ou derogación expresa.

A aprobación da presente ordenanza levará consigo a derogación expresa de cantas disposicións municipais que afecten ao Imposto sobre Bens Inmobles e contraveñan o disposto no presente articulado.”)

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.

3.- CORRECCIÓN NÚMEROS DE POLICÍA NA R/CRUCEIRO, LAXE. EXPTE. NÚM. 2022/X999/000041

Dáse conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,

“Expte. núm. 2022/X999/000041

Asunto: números policía

En relación sobre a duplicidade da numeración de inmobles situados na r/ Cruceiro de Laxe, e tendo en conta ás instrucións técnicas de xestión do Padrón Municipal,

Propoño ó Pleno da Corporación:

Primeiro.- Numerar o primeiro edificio propiedade de María Herminda Pazos co número 11 A e o seguinte edificio onde reside Javier Pérez Bras co número 11 B

Segundo.- Realizar as xestións oportunas no Padrón Municipal de Habitantes.”

Intervén o sr. Alcalde para explicar que hai unha duplicidade de números na Rúa Cruceiro, que viñeron varias veces preguntar para que se corrixa esta situación e decidiuse solventar a duplicidade numerando a un portal 11 A e ao outro 11 B.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Seguidamente, non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 2 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Numerar o primeiro edificio propiedade de María Herminda Pazos co número 11 A e o seguinte edificio onde reside Javier Pérez Bras co número 11 B

Segundo.- Realizar as xestións oportunas no Padrón Municipal de Habitantes.

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 36/2023, DO 18/01/2023 EN CANTO Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O MANTEMENTO PROVISIONAL DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN LABORAL QUE FORON SUBVENCIONADOS AO ABEIRO DA ORDE DO 23/12/2021. EXPTE. NÚM. 2022/A008/000021

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 36/2023, do 18/01/2023:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: *solicitud de autorización para o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados ao abeiro da Orde do 23/12/2021 (DOG Núm. 17, do 26 de xaneiro de 2022)*

Expediente Adm. Núm.: 2022/A008/000021

Expediente decreto núm.: 2023/G003/000040

Con data do 03/01/2023, o Servizo de Orientación Laboral da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade enviou vía correo electrónico un comunicado co asunto: Mantemento provisional do servizo de orientación laboral febreiro 2023, no que refire:

[...]“Con motivo da próxima finalización do período subvencionable de determinadas axudas concedidas a esa entidade ao abeiro da orde de 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022 (DOG núm. 17 do 26 de xaneiro de 2022), e dado que a orde que establece a bases reguladoras para a contratación deste persoal para o exercicio 2023 está en tramitación e pendente de publicación.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

INFÓRMASE:

1.- *Todas as entidades que, prestando servizos de orientación financiados pola citada orde de 23 de decembro de 2021 e cuxo período de vixencia remate en xaneiro de 2023, prevexan solicitar na próxima convocatoria de axudas para 2023 o mantemento dos servizos financiados ao abeiro da correspondente resolución de concesión asociada á orde de 23 de decembro de 2021, deberán presentar unha solicitude de autorización provisional dos mesmos diante do Servizo de Orientación Laboral.*

2.- *A tal fin presentaranse cubertos os modelos que se achegan con este correo electrónico:*

- *Modelo solicitude mantemento de servizos*

- *Anexo III (ficha de servizos 2022)*

Presentarase unha ficha por cada un dos servizos subvencionados cuxa vixencia finalice o 31 de xaneiro de 2023, e en cadansúa relacionaranse os datos de todas as persoas que foran contratadas no citado servizo no período de 1 de xaneiro de 2022 a 31 de decembro de 2022.

3.- *Para axilizar a tramitación destes documentos e a correspondente autorización provisional, a presentación dos mesmos realizarase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia coa referencia que corresponda á entidade para o expediente TR331A/2022, ben no apartado de "documentación xustificativa" ou de "documentación separada da solicitude".*

4.- *A solicitude para a autorización do mantemento dos servizos realizarase antes da finalización dos mesmos (como máximo o 31 de xaneiro)*

Visto que este concello ten previsto seguir solicitando o Servizo de Orientación laboral na próxima convocatoria de axudas para o exercicio 2023,

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas pola normativa vixente,

RESOLVE:

Primeiro: *Solicitar autorización para o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados ao abeiro da orde de 23 de decembro de 2021 e que se relacionan nos anexos a esta solicitude, até a data da resolución da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio 2023 ou, no seu caso, ata a revogación da citada autorización polos correspondentes órganos da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.*

Segundo: *Así mesmo, acepto que esta autorización provisional non xerará dereitos de cara á convocatoria e resolución da correspondente orde de axudas para o exercicio 2023 polo que se a entidade non resulta beneficiaria das mesmas, en todo ou en parte dos servizos solicitados, entenderase revogada a autorización para o desempeño dos mesmos e non se xerarán dereitos económicos polos servizos prestados durante o tempo transcorrido dende a data de finalización do período subvencionado anterior.*

Terceiro: *Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Laxe e o Concello de Zas para a prestación do servizo de orientación laboral ata a convocatoria da orde de concesión de subvencións para a contratación deste persoal técnico para ao exercicio 2023.*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Cuarto: *Remitir a dita solicitude ao Dirección Xeral de Formación e Colocación.”*

Intervén o sr. Alcalde para explicar que se trata de continuar co servizo de orientación laboral.

Seguidamente, non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 2 do PSdeG-PSOE (Dona Bárbara Varela Álvarez e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Ratificar á resolución de Alcaldía núm. 36/2023, do 18/01/2023.

PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

5.- DAR CONTA DA SUBSTITUCIÓN DA ALCALDÍA POLO 1º TENENTE DE ALCALDE, FRANCISCO CHARLÍN ORÓNS.

EXPTE. NÚM. 2023/X998/000009

Dase conta da seguinte proposta:

“O Pleno da Corporación en sesión de data 29 de setembro de 2022 acordou o seguinte:

“PRIMEIRO. *Fixar os efectos económicos da dedicación parcial a favor do 1º Tenente de Alcalde, Francisco Charlín Oróns, dende o 13 de setembro de 2022, data en que asumiu a totalidade das funcións da Alcaldía durante o período de ausencia do Alcalde, D. José Luís Pérez Añón, en virtude de Resolución número 509/2022, de 13/09/2022, ata que o Alcalde asuma totalmente as súas funcións.*

SEGUNDO. *Que no caso de producirse sucesivas substitucións do Alcalde en supostos de ausencia, vacante ou enfermidade, se teñan por fixados os efectos económicos da dedicación parcial a favor do Tenente de Alcalde dende a data en que asuma a totalidade das funcións de Alcaldía, debendo darse conta ao Pleno na primeira sesión que celebre destes efectos económicos para o seu coñecemento e efectos.”*



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Dende o 3 ao 8 de xaneiro de 2023 o primeiro tenente de alcalde, Francisco Charlín Orons, debido á situación de ausencia por enfermidade do alcalde, asumiu, en virtude do artigo 47.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, as funcións propias de alcaldía. Para dar cumprimento ao acordado polo Pleno da Corporación dase conta da mencionada substitución para o seu coñecemento e efectos.”

Non hai intervencións.

6.- DACIÓN CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto
000751/20 22	2022/ G003/000785	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 24 DE NOVIEMBRE DE 2022
000752/20 22	2022/ G003/000793	CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE SEIS RODAS PARA O CAMIÓN DA RECOLLIDA DO LIXO
000753/20 22	2022/ G003/000792	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CALENDARIOS, TARXETAS DE FELICITACIÓN E SOBRES, PARA ENVÍO A DOMICILIO NO NADAL DO ANO 2022
000754/20 22	2022/ G003/000771	SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO NO RURAL.
000755/20 22	2022/ G003/000773	Solicitud General a nombre de VALLE DE TRABA SL. Solicita: EL ALTA DEL PADRON DE ALCANTARILLADO Y BASURA DE LA VIVIENDA REFERENCIADA.
000756/20 22	2022/ G003/000759	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ VALLE INCLÁN, NÚM. 8 - BAIXO B, LAXE
000757/20 22	2022/ G003/000774	SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO, POR UNHA VIVENDA SITUADA NO LUGAR DE MATIO, NÚM. 84-NANDE, LAXE
000758/20 22	2022/ G003/000777	SOLICITUDE DE BAIXA VADO PERMANENTE DE DONA J.R.C.
000759/20	2022/	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBO TAXA RECOLLIDA DE SUMIDOIROS POR UN



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

22	G003/000775	LOCAL COMERCIAL NA R/ VILLA AMPARO, NÚM. 15 BAIXO, LAXE
000760/20	2022/	Solicitud General a nombre de UNION DE CREDITOS IMOBILIARIOS SA EFC. Solicita: SE TENGA
22	G003/000778	POR PRESENTADO EN TIEMPO Y FORMA EL PRESENTE ESCRITO Y SE PROCEDA AL CAMBIO DE
		TITULARIDAD EN LAS TASAS DE BASURA Y ALCANTARILLADO CON LOS EFECTOS LEGAL
000761/20	2022/	J.D.R.C. Solicita: CAMBIO DE TITULARIDAD DE TAXA DE LIXO E SUMIDOIROS
22	G003/000780	
000762/20	2022/	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS,
22	G003/000781	POR UNHA VIVENDA SITUADA EN CAMIÑO DE BESUGUEIRA, NÚM. 1, BAIXO F, LAXE
000763/20	2022/	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBOS TAXAS RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS,
22	G003/000782	POR UNHA VIVENDA SITUADA NA TRAVESÍA DO CRUCEIRO, NÚM. 29, LAXE
000764/20	2022/	EXPTE. 9973/13363.- TRASLADO POR COMPETENCIA, SOLICITUD DE BAJA EN BASURAS Y
22	G003/000794	ALCANTARILLADO DE BANCO SANTANDER S.A. EN CALLE ROSALIA DE CASTRO 64.
000765/20	2022/	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBO TAXA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS
22	G003/000789	URBANOS POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ CAMPO, NÚM. 15, LAXE
000766/20	2022/	RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL
22	G003/000795	
000767/20	2022/	SUBMINISTRO CAMAS E GRUA PARA OS SERVIZOS SOCIAIS CONCELLO DE LAXE
22	G003/000796	
000768/20	2022/	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24
22	G003/000799	DE NOVEMBRO DE 2022
000769/20	2022/	Reserva de instalaciones: M.M.T., polideportivo día 26 noviembre.
22	G003/000797	
000770/20	2022/	TIRADA DE GLOBOS CON MOTIVO DO 25N DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE
22	G003/000800	XÉNERO
000771/20	2022/	SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE RECIBO TAXA SUMIDOIROS POR UN LOCAL SITUADO NA
22	G003/000776	R/ VILLA AMPARO, NÚM. 5 SÓTANO, LAXE
000772/20	2022/	Solicitud General a nombre de VICTOR BOUZAS FERNANDEZ. Solicita: QUE SE REALICE EL
22	G003/000779	CAMBIO DE NOMBRE EN EL PADRON DE LIXO Y ALCANTARILLADO, INSCRIBIENDO A DON
		VICTOR BOUZAS FERNANDEZ COMO PROPIETARIO-TITULAR DE LA VIVIENDA SITA EN RUA DO
		CAN
000773/20	2022/	ARCHIVAR EXPEDIENTE DE CAMBIO DE TITULARIDAD EN RECIBOS BASURA J.D.A.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

22	G003/000798	
000774/20	2022/	SOLICITUDE DE M.J.M.F. DE PAGO DE RETRIBUCION COMPLEMENTARIA
22	G003/000801	
000775/20	2022/	SOLICITUDE DE A.D.V. DE CÓMPUTO DE HORAS TRABALLADAS FORA DO HORARIO HABITUAL E PAGO DA CORRESPONDENTE RETRIBUCIÓN.
22	G003/000802	
000776/20	2022/	PATRICIA DIOS MIRA , SOLICITUDE DE BAIXA/CAMBIO DE TITULARIDADE DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. E SUMIDOIROS
22	G003/000803	
000777/20	2022/	ALTA DE OFICIO NAS TAXAS DE RSU E SUMIDOIROS A V.B.R. E A.J.R.F.
22	G003/000804	
000778/20	2022/	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/33
22	G003/000805	
000779/20	2022/	Adxudicación do contrato
22	G003/000806	
000780/20	2022/	Adxudicación do contrato
22	G003/000807	
000781/20	2022/	SOLICITUDE DE BAIXA NAS TAXAS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DE SUMIDOIROS POR UN LOCAL SITUADO EN AVD. CESA?REO PONDAL, NÚM. 27 BAIXO, LAXE
22	G003/000808	
000782/20	2022/	SERVIZOS EXTRAORDINARIOS PRESTADOS FORA DA XORNADA NORMAL DE TRABALLO.
22	G003/000809	
000783/20	2022/	Procedimemento de Comprobación da licenza da cafetería O ESCARAVELLO
22	G003/000810	
000784/20	2022/	RACHAZAR FACTURAS DE LA EMPRESA VESTA SUPPLIES S.L.
22	G003/000811	
000785/20	2022/	Resolución adxudicación contrato menor
22	G003/000812	
000786/20	2022/	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE B.G.P.
22	G003/000815	
000787/20	2022/	Reserva de instalacións: A.M.P.
22	G003/000813	
000788/20	2022/	ADSCRIPCIÓN AO POSTO DE SECRETARÍA INTERVENCIÓN TESOURERÍA CON CARÁCTER ACCIDENTAL A E.A.L. DESDE O 23/11/2022.
22	G003/000819	



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

000789/20	2022/	COMISIÓN SERVIZOS TRABALLADORA SOCIAL D.A.C.
22	G003/000817	
000790/20	2022/	SOLICITUDE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE M.C.T.P.
22	G003/000816	
000791/20	2022/	SOLICITUDE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA DE C.B.P.
22	G003/000814	
000792/20	2022/	APROBACIÓN NÓMINAS DO MES DE NOVEMBRO
22	G003/000820	
000793/20	2022/	Solicitude do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCURRENCIA POR URXENCIA DE M.P.C.
22	G003/000818	
000794/20	2022/	CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL DE OFICINA
22	G003/000821	
000795/20	2022/	SOLICITUDE DE ALTA NOS PADRÓNS DAS TAXAS DE RECOLLIDA DO LIXO E SUMIDOIROS, POR UNHA VIVENDA SITUADA NA R/ FRANCISCO CANOSA NEMIÑA, NÚM. 35 - 2ªA, LAXE
22	G003/000822	
000796/20	2022/	SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DA TAXA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO NO RURAL, POR UNHA VIVENDA SITUADA NO LG. CASTSRELO, NÚM. 47- SOESTO, LAXE POR PARTE DE P.P.V.
22	G003/000823	
000797/20	2022/	PAGO A JUSTIFICAR A J.M.S.P.
22	G003/000828	
000798/20	2022/	Tramitación decreto conjunta de: Solicitud de altas, bajas y modificaciones padronales do mes de novembro de 2022
22	G003/000827	
000799/20	2022/	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA, DO CAN CON NOME: LOKI, POR PARTE DE M.L.O.T.
22	G003/000826	
000800/20	2022/	Decreto de inicio de expediente
22	G003/000825	
000801/20	2022/	Resolución adxudicación contrato menor
22	G003/000824	
000802/20	2022/	Delegacións funcións da Alcaldía a Francisco Charlín Oróns
22	G003/000829	
000803/20	2022/	CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE SEIS RODAS PARA O CAMIÓN DA RECOLLIDA DO LIXO
22	G003/000830	



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

000804/20	2022/	CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE OFICINA (AXENDAS E TACOS DE CALENDARIO)
22	G003/000831	
000805/20	2022/	Adxudicación contrato menor
22	G003/000834	
000806/20	2022/	Solicitud de emerxencia social, pago costes taxi, a favor de Dona M.F.L.A.
22	G003/000484	
000807/20	2022/	SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO 7º TRIENIO DE F.J.C.P.
22	G003/000835	
000808/20	2022/	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO (GASTOS DE PERSOAL E MESMA AREA DE GASTOS)
22	G003/000836	
000809/20	2022/	Adxudicación do contrato menor de "Colocación e instalación de alumeado público navideño nas parroquias do concello, no Nadal do ano 2022"
22	G003/000837	
000810/20	2022/	SOLICITUDE DE ABONO TAXAS DO COP
22	G003/000832	
000811/20	2022/	SOLICITUDE DE USO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS O 8 DE DECEMBRO DE 2022, POR PARTE DE V.R.L.
22	G003/000839	
